

A ESCOLA DA VIDA

¿Máis obrigatoriedade escolar?

07.11.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A semana pasada, o ministro de Educación abriu o debate sobre unha cuestión educativa de gran calado: ampliar a educación obrigatoria ata os 18 anos. Iniciar este debate nestes momentos é realmente impropio. As razóns son moitas e moi poderosas. Primeiramente, a actual lei de educación só leva en vigor 3 anos e aínda non se deron todos os pasos para asentala. Aínda que se a proposta se fai por compararnos con outros países, tamén podería empezarse por prolongar cara a abaixo o período formativo obrigatorio e así seguir os pasos de Luxemburgo, que o inicia aos 4 anos, ou Gran Bretaña e Holanda, que o fan aos 5 .

Centrándonos no modelo español, poderemos recorrer a argumentos máis que suficientes para que esta medida se postergue *sine die*. Entre outros están, por un lado, que se está efectuando un cambio de modelo de ensino que implica a incorporación das novas tecnoloxías nas aulas por medio dos encerados dixitais interactivos, os ordenadores persoais para todos os alumnos, a utilización de internet, etc.; que se está tratando de resolver as aínda moi numerosas dificultades dos alumnos que teñen que abandonar o sistema escolar coa sensación de fracaso, por medio dos Programas de cualificación profesional inicial, aínda non suficientemente diversificados nin implantados; que se está incidindo en mellora-las actitudes daqueles mozos e mozas que non son competentes para seguir o ritmo estándar da clase, con programas de diversificación curricular, e así poderíamos seguir enumerando moitas outras tarefas que necesitan do apoio das administracións e dos diñeiros dos contribuíntes. Pero se todo isto non fose suficiente, aínda hai outros temas que hai que solucionar como pode ser que haxa máis centros de formación profesional ou institutos públicos, para que ningunha familia teña que recorrer aos privados nos que teñen que pagar esta educación

Por último, unha consideración legal, se un mozo ou moza aos 12 anos é responsable para decidir ante un xuíz se quere ir co seu pai ou coa súa nai ante o seu divorcio, se aos 14 poden ser xulgados pola lei de responsabilidade penal xuvenil, ¿por que aos 16 non pode elixir se quere ou non seguir estudando de forma voluntaria sobre todo se a lei lle permite acceder ó mercado de traballo a esa idade?